

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E GALARIA, EMPRESA PUBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS S.A. COA FINALIDADE DE POR A DISPOSICIÓN DE GALARIA DIVERSO EQUIPAMENTO TECNOLÓXICO

En Santiago de Compostela, a 15 de novembro de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, D. Jesús Vázquez Almuíña, conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, de 20 de outubro, e de conformidade cos Decretos 41/2013 e 43/2013, do 21 de febreiro (modificados por Decreto 111/2013, do 4 de xullo), polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Doutra parte, D^a. María Luisa Brandt Sanz, actuando en nome e representación de Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A., en virtude da súa condición de directora xerente da citada empresa, segundo o disposto no artigo 20 do Decreto 209/2008, de 28 de agosto polo que se modifican a denominación e os estatutos do Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A. aprobados polo Decreto 229/1994, de 14 de xullo.

As partes intervenientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio, e para iso,

EXPOÑEN

I.- Que o artigo 1 do Decreto 41/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería e Sanidade, determina que esta é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control do desenvolvemento das funcións e competencias que corresponden á Xunta de Galicia en materia de sanidade, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e na Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica.

O Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, establece que este é o organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, configurado para o axeitado desenvolvemento das competencias que no eido sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

No Plan de Prioridades Sanitarias 2011-2014 da Consellería de Sanidade ten unha especial relevancia a mellora na atención dos pacientes con enfermidades oncolóxicas, en concreto dos cancros de pulmón, de mama, e de colon. Establecendo dentro das estratexias un “Plan de Asistencia Integral ao Cancro”.

II.- Neste contexto dispónse dunha entidade como Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A., que se constitúe como medio propio instrumental e servizo técnico da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus organismos e entidades de natureza pública, para a execución das actividades que por elas lle sexan encomendadas, dentro das materias que constitúen o seu obxecto social, estando obrigada a realizalas de acordo coas instrucións fixadas unilateralmente polo encomendante.

Tal e como establece o Decreto 209/2008, de 28 de agosto, as relacións de Galaria coas entidades anteriormente mencionadas non se consideran de natureza contractual sendo a todos os efectos de carácter interno, dependente e subordinado e artículanse a través de encomendas de xestión previstas no artigo 24.6º do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

A sociedade Galaria ten por obxecto o desenvolvemento, execución e explotación de infraestruturas sanitarias, a prestación de servizos de consultaría no campo sanitario, así como a prestación de servizos relacionados co ámbito sanitario.

En particular, recóllese no artigo 2.2.2 do Decreto 209/2008, de 28 de agosto, a prestación de actividades de consultaría en materia de avaliación, planificación, promoción, adquisición, organización, mantemento, formación, xestión investigación, control de calidade e, en xeral, calquera materia relacionada co sector sanitario, especialmente no campo de alta tecnoloxía sanitaria.

Así mesmo, entre os beneficiarios dos servizos de asistencia de medicina nuclear, oncoloxía radioterapéutica e resonancia magnética, prestados por Galaria, están como referencia, a poboación protexida polo Servizo Galego de Saúde dentro das Estruturas Organizativas de Xestión Integrada de Vigo, de Pontevedra e O Salnés e de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras de acordo co seguinte cadro:

Estrutura organizativa de Xestión Integrada	Poboación
E.O.X.I. Vigo	574.663
E.O.X.I. Pontevedra e O Salnés	299.421
E.O.X.I. Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras	318.679

III.- Por resolución do 30 de agosto de 2013, da Dirección Xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde, anunciouse a licitación do contrato de colaboración entre o sector público e sector privado, mediante o procedemento de adxudicación de dialogo competitivo e co obxecto de dispoñer dunha solución global que cubra as necesidades de realización de probas e procedementos de diagnóstico por imaxe, intervencionismo, medicina nuclear e radioterapia no Servizo Galego de Saúde, expediente DC-SER1-13-054, dividido en tres lotes:

Lote 1: Diagnóstico por imaxe e medicina nuclear.

Lote 2: Intervencionismo guiado por imaxe.

Lote 3: Radioterapia.

Os lotes asociados ao equipamento obxecto de este convenio son os Lotes 1 e 3

IV.- **Lote 1:** No documento de condicións técnicas, xurídicas e económicas, se establece a posta a disposición de diversos aparatos de resonancia magnética e gammacámaras precisas para a realización do diagnóstico por imaxe e a medicina nuclear.

O 1 de agosto de 2015, ten lugar a sinatura do contrato entre o SERGAS e a empresa PHILIPS IBÉRICA S.A., dando lugar a adxudicación do Lote 1-Intervencionismo guiado por imaxe do expediente DC-SER1-13-054.

En relación a este convenio, a execución deste contrato implica, a posta a disposición de :

- Unha resonancia magnética INGENIA 3,0T, que se situará no Hospital Álvaro Cunqueiro.
- Unha evolución á última versión clínica dispoñible para o equipo de resonancia situado no Hospital do Meixoeiro.
- Unha evolución á última versión clínica dispoñible para a Resonancia Magnética Móbil (Philips).
- Dous Gammacámaras GE Optima NM/CT 640, una para o Hospital Santa María Nai de Ourense e outra para o Hospital do Meixoeiro en Vigo.

- Un TAC - Radioterapia Brilliance CT 16 Big Bore para o Hospital do Meixoeiro en Vigo.

V.- **Lote 3:** Entre as prestacións necesarias que se recollen no documento de condicións técnicas, xurídicas e económicas deste lote, está a posta a disposición dos aparatos e equipos de Radioterapia (punto 1.1.2 do documento). Este mesmo documento establece no seu punto 2.1.1 os criterios para dar dimensión a cobertura da demanda, tendo en conta, entre outras, a poboación atendida na zona sur con Servizos de Radioterapia no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, que atenden á poboación da EOXI de Vigo, da EOXI de Pontevedra e O Salnés e da EOXI de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.

Con data do 28 de maio de 2015 asinouse un contrato entre o SERGAS e a empresa VARIAN MEDICAL SYSTEMS IBÉRICA S.L., segundo o cal procede a adxudicación do Lote 3- Radioterapia do expediente DC-SER1-13-054.

En relación a este convenio, neste contrato establécese a posta a disposición de:

- Tres novos aceleradores, denominados como AL-09 CHUVI, AL-11 CHUVI, AL-12 CHUVI, que se situarán no Hospital do Meixoeiro, e que estará operativo AL-09 no primeiro ano de contrato, e o AL-11 no segundo ano, e o último os seis anos de iniciarse o contrato de referencia.

- Xunto con estes equipos tamén porase a disposición, os Sistemas de Información Oncolóxico ARIA corporativo, e o Sistema de planificación de tratamento Eclipse corporativo.

VI.- Que de conformidade co establecido no artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e o artigo 55 d) da Lei 7/1985, as administracións públicas prestaranse, no ámbito propio, a cooperación e asistencia activas que poidan precisar para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

VII.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario de crise económica que afecta a todas as administracións públicas e obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan as súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e xestionar de forma compartida nas actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación adquisición como de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre

distintas administracións, coa finalidade de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

VIII.- Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións públicas mediante formulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que neste caso se concreta no presente convenio de colaboración de forma e maneira que o impacto da crise económica nos servizos públicos sexa menor e os resultados da posta en común dos recursos minimicen a crítica situación económica dalgúns concellos.

Por todo isto, formalizan o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a posta a disposición aos Servizos de Radioloxía, Medicina Nuclear e Oncoloxía Radioterápica de Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A. dos equipos, actualizacións, evolucións e sistemas operativos mencionados nos expositivos IV e V do presente convenio, e que corresponden cos contratos adxudicados dos lotes 1 e 3 do expediente de contratación DC-SER1-13-054.

Segunda. Obrigas das partes

1. O Servizo Galego de Saúde pon a disposición de Galaria, os equipos mencionados nos expositivos IV e V do presente convenio.

Corresponderá ao SERGAS o cumprimento dos contratos de adxudicación coas empresas VARIAN MEDICAL SYSTEMS IBERICA, S.L. e con PHILIPS IBERICA S.A. coa finalidade de que Galaria, poida dispor dos equipos mencionados e así realizar as funcións encomendadas.

Así mesmo o SERGAS realizará a función de coordinación, xunto co Galaria, daquelas actuacións que resulten necesarias para garantir o mantemento e a continuidade asistencial durante o prazo de execución deste convenio.

2. Galaria, Empresa pública de Servizos Sanitarios S.A. recibirá os equipos, actualizacións, evolucións e sistemas operativos co fin de prestar a asistencia sanitaria nos termos establecidos no correspondente contrato-programa, compensándose a tal efecto ao Servizo Galego de Saúde,

nas addendas anuais, os importes asociados á posta a disposición dos mencionados equipos; co fin de atender a poboación de referencia protexida polo Servizo Galego de Saúde, e asinada a Galaria, podendo o SERGAS ampliar a mesma en caso de necesidade.

Terceira. Orzamento das actuacións

A posta a disposición dos equipos non supón un incremento presupuestario para o SERGAS, estando vinculado a execución do contrato de adxudicación dos Lotes 1 e 3 do expediente de contratación DC-SER1-13-054.

Cuarta. Competencias

O presente convenio non suporá alteración da titularidade dos equipos postos a disposición, así como tampouco modificación das obrigas inherentes o contrato de adxudicación dos mesmos.

Quinta. Comisión mixta de seguimento

Constituirase unha comisión mixta de seguimento encargada de garantir o bo fin e cumprimento do obxecto deste Convenio, e á que corresponderán, en concreto, as seguintes funcións:

1. Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas para tal fin.
2. Interpretar en caso de dúbida o contido do mesmo.
3. Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.

A comisión estará formada por dous representantes de cada unha das partes nomeados polos seus máximos responsables. A comisión reunirse por solicitude dunha das partes asinantes, considerándose constituída se asiste polo menos un dos representantes de cada entidade.

Sexta. Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá unha vixencia dende a sinatura do mesmo ata a finalización dos contratos de adxudicación dos lotes 1 e 3 do expediente DC-SER1-13-054.

Sétima. Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio, ademais das previstas legalmente, as que a continuación se establecen:

- 1.- O incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.
- 2.- O mutuo acordo entre as partes.

Oitava. Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Novena. Natureza xurídica

O presente convenio de colaboración ten carácter administrativo, sendo de aplicación o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De conformidade co disposto no artigo 4.1.c) do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, o presente acordo de colaboración está excluído do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, aplicaranse os principios desta para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, de acordo co sinalado no artigo 4.2 do citado texto legal.

Décima. Resolución de conflitos e xurisdición competente

As partes asinantes do presente convenio de colaboración comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do mesmo. De non chegarse a acordo, as cuestións obxecto de diverxencia serán tratadas na comisión mixta de seguimento, quedando as partes que o subscriben suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na aplicación deste.

Así queda redactado o presente convenio que, en proba de conformidade asinan os comparecentes, por triplicado exemplar no lugar e data indicados ao inicio.

**POLA CONSELLERIA DE SANIDADE E POR GALARIA
O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

D. Jesús Vázquez Almuíña

D^a. María Luisa Brandt Sanz